

SUSPIRIA

[Luca Guadagnino, 2018]

463

ESTREA EN NUMAX: 05.12.2018 | V.O.S.E. | +18

Suspiria (2018, 152')

Dirección: Luca Guadagnino

Guión: Dave Kajganich (Personaxes: Dario Argento, Daria Nicolodi)

Elenco: Dakota Johnson, Tilda Swinton, Chloë Grace Moretz, Mia Goth, Jessica Harper, Sylvie Testud, Angela Winkler, Malgorzata Bela, Renée Soutendijk, Ingrid Caven, Lutz Ebersdorf, Vanda Capriolo

Son: Markus Stemler

Montaxe: Walter Fasano

Música: Thom Yorke

Dirección de arte: Merlin Ortner, Monica Sallustio

Vestuario: Giulia Piersanti

Fotografía: Sayombhu Mukdeeprom

Produtoras: First Sun, Frenesy Film Company, MeMo Films, Amazon Studios, Mythology Entertainment, K Period Media, Muskat Filmed Properties, Vega Baby Releasing (Italia, EEUU)

Distribuidora: Diamond Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Inglés, alemán, francés

PREMIOS E FESTIVAIS

Venecia 2018 (Sección Oficial, Mellhores Efectos Especiais e Canción Orixinal)

FILMOGRAFÍA

Call Me By Your Name, 2017

Cegados polo sol, 2015

Inscio italiano, 2011

Yo soy el amor, 2011

Melissa P., 2005

The Protagonist, 2005

SINOPSE

Susie Bannion é unha moza bailarina americana que viaxa a Berlín para cursar os seus estudos de danza na Markos Tanz Company, unha das escolas máis prestixiosas do mundo, dirixida por Madame Blanc. O mesmo día no que ingresa na escola, unha das alumnas recentemente expulsada é asasinada. Non se trata dun feito illado, o que fai sospeitar á brillante estudante sobre a implicación da escola nos homicidios.

«Un filme fermoso e implacábel. Reinención magnífica e radical da súa predecesora»

Emile Yoshida, VULTURE



“Cando vexo a Dakota Johnson non podó deixar de pensar en Tippi Hedren”

Entrevista con Luca Guadagnino
Por Nate Jones

A *Suspiria* orixinal foi estreada en 1977 cando ti tiñas 6 anos. A Fracción do Exército Vermello [RAF] alemá fai parte do contexto do filme. Italia nesa altura tiña as Brigadas Vermellas. Eras consciente de todo isto de neno?

Era e non era ao mesmo tempo. Desde logo lembro a sensación do medo nas rúas. 1978 foi o ano no que Aldo Moro, antigo primeiro ministro italiano, foi secuestrado e asasinado. Mesmo sendo un neno, e sen entender a cuestión política, podía ver o seu efecto na xente que me rodeaba. Ademais medrei nun lugar realmente duro. Palermo, ao ser a capital de Sicilia tamén o era do outro Estado, a Mafia. Hai un intre nos 80 no que a Mafia decide iniciar unha guerra. Cada día había unha matanza. Por iso no filme Dakota di: «Por que pensa a xente que o peor xa pasou?».

Tes dito que se trata dun filme sobre a maternidade. Que aspectos dese tema quixeches levar á pantalla? Penso que se decidimos non tomar en consideración o clixé da nai como persoa agarimosa e coidadosa do crecemento da crianza,

podemos chegar a unha relación con máis capas de significado entre unha nai e o seu fillo. Por tanto a historia dalguén que quere matar a súa filla para nacer de novo pode ser outro xeito de tratar a maternidade.

Amosácheslle o filme á túa propia nai? Vímolos en Venecia. Díxome que nun primeiro momento non era quen de aturar o terror. En todo caso ela é alxeríá, mais tamén moi italiana, así que todo o que faga o seu fillo lle parece ben.

No filme dise que o mundo precisa sentir a culpa e a vergoña. Concordas con iso? Creo que me gustaría que máis xente fose quen de afrontar a súa propia culpa e superala. Algo de dor e sufrimento pode ser necesario, de aí o título do filme, que significa suspiro.

Aquí tamén se trata o tema da culpa do pobo alemán. Especialmente da colectividade en Alemaña, que nalquera altura tiña que afrontar o que viña de suceder e o que viñan de facer.

A que te refires? É unha pregunta importante que deben responder historiadores e filósofos. O proceso foi moi longo e o pobo alemán tivo que lidar con el e aínda o segue a facer. Non creo que sexa algo doado de superar. É certo que logo da guerra houbo uns 20 anos de silencio sobre o tema. Por tanto a culpa e a vergoña non se refire só aos crimes cometidos polos nazis senón tamén ao silencio dos anos seguintes. É sorprendente como Alemaña, cunha tradición de pensamento tan madura e sofisticada, foi quen de chegar a ese punto.

Cal foi a túa primeira impresión ao traballar con Dakota [Johnson]?

Atopábame eu no cásting de *Cegados polo sol* (2015) e tiveron que buscar unha nova actriz para o papel de Penélope. Ela estaba nunhas pequenas vacacións por Europa e veume ver a Crema. Lembro que tiña moita desconfianza e foi moi reservada no encontro, pero axiña souben que tiña que ser ela a actriz. Atopeina moi aguda e intelixente. Gústame moito o seu rostro, pode mudar moito. E instintivamente sentín que a cámara ía namorar tamén da súa cara. Non quero pasar por riba da súa individualidade pero cando a vexo non podó deixar de pensar en Tippi Hedren. Dakota ten o seu propio xeito, pero creo que parte da atracción que sinto cara a ela provén de que son un gran admirador das loiras do cinema de Alfred Hitchcock.

Que aprendizaches ao dirixir ese primeiro filme con ela? Dakota é moi grandilocuente e audaz. Non ten medo a nada. Vai a por todas.

En que punto do proceso decidiches que Tilda Swinton ía interpretar tres papeis? Logo de darlle a ler o guión con David [Kajganich, guionista do filme] falamos destes tres roles. Sentín que Tilda era a persoa axeitada para todos eles porque se trata dun filme que afonda no estraño e o inconsciente. Pensei que tería sido boa idea tratar os tres aspectos da psique humana a través de Tilda: o id, o ego e o superego.

Publicado en vulture.com
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Suspiria, Dario Argento. A Contracorriente
[Bluray / DVD]

Suspiria OST, Thom Yorke. XL [LP / CD]

Call Me By Your Name, Luca Guadagnino
Sony [Bluray / DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

4€
Fai te NUMAX!
Abónate agora e ven sempre por